



INTERPELACIÓN

No mes de febreiro do ano en curso, os veciños da rúa Duque de Rivas desta cidade víronse obrigados a denunciar ante o Concello unhas obras que se estaban a facer nun edificio ubicado nesta mesma rúa e cuxa finalidade era a colocación dunha antena de telefonía móbil.

Efectivamente, presentada a denuncia, comprobouse que por parte da empresa Vodafone España, S.A. se estaba a instalar unha estación base de servizo de telecomunicacións que carecía tanto da licenza municipal de actividade como da licenza de obra o que conlevou a incoación do correspondente expediente de paralización.

O día 2 de marzo, a empresa solicita as preceptivas licenzas, rematando nestes días o prazo de exposición ao público e pendentes de que se resolvan as numerosas reclamacións presentadas polos veciños da zona.

Todas estas reclamacións teñen como denominador común a oposición e total rexeitamento á colocación desta instalación referíndose fundamentalmente ós seus efectos nocivos e perigos para a saúde pública, tendo en conta que se trata dunha das zonas máis densamente habitadas e que conta nas súas proximidades con varios centros escolares e parques públicos, ademais dun centro de asistencia a drogodependentes, lembrando as recomendacións que neste senso está a levar cabo a Organización Mundial da Saúde, ademais doutras moitas organizacións, de que se respeten distancias mínimas para a ubicación das antenas de telefonía móbil cando se dan este tipo de circunstancias, distancias que neste caso non se respetan en absoluto.

Hai anos, concretamente no ano 2003, houbo un intento por parte deste Concello de regular a concesión destas licencias aprobándose inicialmente no pleno do mes de marzo unha ordenanza sobre instalación de telecomunicación por transmisión ou recepción de ondas radioeléctricas, ordenanza que nunca chegou a entrar en vigor.

Ante a situación sinalada, o **Grupo Municipal do BNG** efectúa a seguinte INTERPELACIÓN:

- 1)- cá é a situación actual na que se atopa a ordenanza municipal anteriormente referenciada.
- 2)- si se ten pensado por parte do Goberno Local someter a debate a aprobación definitiva da mesma antes de que remate o actual período de mandato.
- 3)- qué criterios se van a adoptar á hora de resolver as numerosas reclamacións presentadas polos veciños da zona na fase de exposición ao público e en qué términos se van a levar a cabo tales resolucións.
- 4)- si se van a seguir as recomendacións da Organización Mundial da Saúde en canto á necesidade de que se respeten unhas distancias mínimas para a ubicación deste tipo de instalacións ante circunstancias tan especiais como as que concurren neste caso.

Vilagarcía, a 1 de setembro de 2006.

Xosé Castro Ratón

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA